

¿CONSOLIDARÁ GALICIA A SÚA CONVERXENCIA REAL NO SÉCULO XXI?

GUILLERMO DE LA DEHESA ROMERO

Instituto de Estudios Económicos de Galicia Pedro Barrié de la Maza

Recibido: 7 xaneiro 2000

Aceptado: 15 xuño 2000

Resumo: Tendo en conta que a maneira de medi-la converxencia real é, cando menos, dobre, neste traballo fórmulanse dúas cuestións claves e dáselles resposta: a primeira, ¿como se sitúa Galicia dentro de España, dentro de Europa ou dentro do mundo en termos de converxencia?; a segunda, ¿como consolida-la recuperación da converxencia real de Galicia?

Palabras clave: Converxencia real / Galicia.

WILL GALICIA CONSOLIDATE ITS REAL CONVERGENCE IN THE 21ST CENTURY?

Summary: Taking into account that the way of measuring real convergence is, at least, twofold, this paper formulates and gives answers to two key questions: the first one, how is Galicia situated within Spain, Europe or the world in terms of convergence?; the second one, how to consolidate the recovery of real convergence in Galicia?

Keywords: Real convergence / Galicia.

1. INTRODUCCIÓN

Vivimos nunha nova onda de globalización que comezou no 1960 e que aínda continúa, empurrada polo desenvolvemento tecnolóxico e o das telecomunicacións, que fai que os custos de transporte sexan cada vez máis baixos e que a rapidez das comunicacións sexa cada vez maior. Ámbolos dous procesos reduciron notablemente as distancias entre as persoas e os países, facendo que o mundo sexa cada vez máis pequeno e máis integrado. As autoridades económicas, como sempre con atraso, van axudando a este proceso de globalización abríndose lentamente a unha maior liberdade e a unhas menores barreiras ó movemento de bens e servicios, capitais e persoas entre os países.

Un dos trazos desta globalización, e da anterior, que principiou no 1870 e rematou abruptamente no 1914 coa Primeira Guerra Mundial, é que tende a aumenta-la converxencia real, é dicir, a converxencia en termos de renda per cápita dalgúns países a custa da diverxencia dos demais.

A primeira onda de globalización produciu unha industrialización do norte e unha desindustrialización do sur, aumentando a diverxencia de renda entrámbolos dous polos. No 1870, a nación máis rica do mundo (Inglaterra) tiña nove veces máis renda per cápita cá máis pobre e ó rematar esa onda, no 1914, a diverxencia estaría xa duplicada.

A segunda onda de globalización está desindustrializando o norte e industrializando unha parte do sur que está converxendo co norte, parte representada por algúns países emerxentes de Asia (Corea, Taiwán, China, Tailandia, Brasil, Filipinas, Indonesia, Malaisia, Vietnam, India), de América latina (México, Brasil, Arxentina), de

África (Marrocos, Tunicia, Exipto, África do Sur, etc.) e de Europa (Polonia, Turquía), mentres que o resto do mundo, máis agrario ou en transición poscomunista, está diverxendo claramente.

Esta crecente diverxencia real producida polas globalizacións deriva de que todo cambio rápido, como o que se deriva dunha nova onda tecnolóxica e dunha maior competencia, prodúcelle maiores posibilidades de despegue a aquela persoa, empresa ou país que saiba adaptarse máis rapidamente a el e, pola contra, marxina ó que non se adapta ou faino moi tarde.

No ano 1998, a renda per cápita do país máis rico do mundo (EE.UU.) era 50 veces máis elevada (a da Unión Europea era 35 veces máis elevada) cá da rexión máis pobre: a África subsahariana.

Igual ocorre coa distribución da renda persoal. As persoas máis ricas despéganse cada vez máis das máis pobres, aínda que haxa converxencia no centro. En moitos países desenvolvidos e en desenvolvemento, as distancias entre o 5% máis rico e o 5% máis pobre chega a ser de máis de 100 veces. As 500 persoas máis ricas do mundo acumulan unha riqueza total equivalente á renda anual da metade da poboación mundial. Segundo o PNUD (1999), no 1960 o 20% máis rico da humanidade tiña 30 veces máis renda có máis pobre, no 1990 a diferenza era de 60 veces e estímase que no ano 2000 alcance 80 veces. É dicir, que a tendencia mundial actual é cara a unha diverxencia real entre os países e persoas máis ricas e máis pobres, e unha certa converxencia entre as persoas e os países de mediana renda per cápita.

2. CONVERXENCIA REAL

A maneira de medi-la converxencia real é dobre. De acordo con Barro e Sala i Martín (1995), a converxencia “sigma” dáse cando a dispersión da renda per cápita dos países tende a reducirse, isto é, cando a desviación típica do logaritmo do produto per cápita ou do valor engadido bruto per cápita entre rexións ou países tende a reducirse co transcurso do tempo. A converxencia “beta” prodúcese cando a renda ou o produto per cápita dos países máis pobres tende a converxer co dos países máis ricos co transcurso do tempo.

Esta última adoita darse, a longo prazo, cando o rendemento marxinal no uso dos factores de produción acumulables (traballo, capital) tende a ser decrecente (modelo neoclásico tradicional), co que os países con menor acumulación factorial (os máis pobres) converxen cos que teñen unha maior acumulación (os máis ricos). A converxencia sigma tende a darse sempre que se dá a converxencia beta, pero aínda dándose esta pode non haber converxencia sigma debido ós impactos que afectan a unhas rexións ou países e non a outras, co que a dispersión de renda aumenta. Por exemplo, os impactos enerxéticos de 1974 e 1979 produciron diverxencia sigma, aínda que se estaba dando converxencia beta, xa que os países máis dependentes do consumo de petróleo tiveron un crecemento máis baixo. Pódese dar tamén converxencia sigma cando se produce un cambio na estrutura productiva polo transvasamento de poboación da agricultura á industria ou ós servizos, aínda que a produtividade de cada un dos sectores productivos individualmente non mostre converxencia.

2.1. CONVERXENCIA REAL DE GALICIA

Neste contexto de converxencia e diverxencia, ¿como se sitúa Galicia dentro de España, dentro de Europa ou dentro do resto do mundo?


2.1.1. “Converxencia sigma” en España

Varios autores estudiaaron o proceso de converxencia real entre as rexións españolas de forma xeral e rexión por rexión. Greciano e Raymond (1999) realizaron un estudio sobre a converxencia “sigma” en España sobre a base da desviación típica do logaritmo do valor engadido bruto per cápita, utilizando as series da *Renta Nacional de España* e a súa distribución provincial da Fundación BBV para o período 1955-1997. Chegan á conclusión de que entre 1955 e 1979 dáse unha redución substancial das disparidades rexionais en termos do VEB per cápita pero, a partir do 1979 e ata o 1993, atenúase ese proceso de converxencia para estancarse e a partir do 1994 co que, como mostra a gráfica 1, as disparidades redúcense entre 1955 e 1979 en 14,51 puntos porcentuais e desde 1979 a 1997 só en 1,65 puntos. As causas da converxencia tan rápida no primeiro período parecen ter sido varias. Por un lado, pola maior produtividade aparente do traballo, é dicir, porque a produtividade por empregado aumentou máis rapidamente nas rexións españolas máis pobres; polo traspaso de poboación ocupada desde a agricultura á industria, á construción e ós servizos que teñen unha produtividade máis elevada. Este proceso de converxencia, derivado da maior produtividade relativa, dáse ata o 1983, ano no que ese proceso se estanca.

Por outro lado, a rapidez da converxencia debeuse ós movementos migratorios das rexións máis pobres ás máis ricas. Isto demostra o feito de que entre 1955 e 1979 se producira á vez un proceso de diverxencia en termos de valor engadido bruto de cada rexión e un proceso de converxencia en termos de valor engadido bruto per cápita de cada rexión. Isto é, a produción distribuíuse de maneira cada vez máis desigual no territorio español, e foron as rexións máis ricas as que atraeron a maior cantidade de investimentos nacionais e estranxeiros á industria e ós servizos. Así e todo, esta desigualdade foi máis que compensada por grandes fluxos migratorios das rexións pobres ás ricas. Os empregados na agricultura non atopaban emprego na súa mesma provincia ou rexión e víanse na obriga de procuralo noutras provincias ou rexións españolas ou no estranxeiro. Isto facía que, aínda que o VEB da rexión non aumentase en termos absolutos, si o fixese en termos per cápita, ó se reduci-lo número de empregados na rexión.


A partir do 1979, este forte proceso migratorio tende a deterse, por un lado porque comeza a aumentar tamén a taxa de paro nas rexións ricas e, por outro, porque a industria e os servizos comezan a demandar traballadores máis cualificados, que a man de obra procedente da agricultura non é quen de ofrecer. Estas son as razóns do relativo estancamento da converxencia sigma. As gráficas 2 e 3 mostran como, logo de medrar ata 1979, detense a emigración neta das rexións máis pobres entre 1980 e 1995.

Gráfica 1.- Converxencia sigma do log. do VEBpc




FONTE: Greciano e Raymond (1999).

Gráfica 2.- Taxa migratoria neta (1962-1979)



FONTE: Greciano e Raymond (1999).

Gráfica 3.- Taxa migratoria neta (1980-1995)



FONTE: Greciano e Raymond (1999).

2.1.2. Converxencia beta

Cuadrado (1999) e Cuadrado, Mancha e Garrido (1998) realizaron un estudio da converxencia beta das rexións españolas entre 1980 e 1996, utilizando a serie dispoñible da *Contabilidade Regional de España* en termos do VEB rexional e per cápita, e mostran, así mesmo, cómo a converxencia real diminuíu en termos do VEB rexional e estancouse en termos do VEB rexional per cápita.

A táboa 1 mostra aquelas rexións cun VEB que gañou peso no total do VEB español e aquelas que o perderon. Obsérvase cómo algunhas rexións pobres, como as de Canarias e Estremadura, conseguiron aumentalo seu peso relativo de forma significativa. Sen embargo, son, sen dúbida, as rexións máis ricas a maioría das gañadoras, especialmente Madrid, A Rioxa, Baleares e Aragón, pero tamén Cataluña, Valencia e Navarra. Isto é, as rexións situadas no arco mediterráneo e no eixe do Ebro son as gañadoras, coas excepcións de Canarias, debido ó forte desenvolvemento do turismo, e de Estremadura, gracias á mellora da súa agricultura e da súa enerxía.

Táboa 1.- Cambios no peso das comunidades autónomas en VEB total, 1980-1995


CC.AA.	1980 A	1995 B	VARIACIÓN EN PUNTOS C=B-A	EN PORCENTAXES C/A
GAÑAN PESO				
Canarias	3,05	3,74	0,69	22,56
Madrid	14,02	15,28	1,26	8,99
A Rioxa	0,89	0,97	0,08	8,73
Estremadura	1,72	1,82	0,10	6,02
Baleares	2,16	3,39	0,12	5,77
Aragón	3,26	3,42	0,16	4,83
Cataluña	18,62	19,13	0,51	2,74
Com. Valenciana	9,75	9,96	0,21	2,15
Navarra	1,61	1,64	0,03	1,69
PERDEN PESO				
Murcia	2,48	2,47	-0,01	-0,47
Andalucía	13,59	13,41	-0,18	-1,33
Cantabria	1,41	1,35	-0,06	-4,05
Castela-A Mancha	3,79	3,61	-0,17	-4,58
País Vasco	7,30	6,86	-0,44	-6,05
Castela-León	6,48	5,75	-0,74	-11,36
Galicia	6,52	5,46	-1,06	-16,22
Asturias	3,09	2,46	-0,63	-20,32
España	100,00	100,00		

FONTE: Cuadrado (1999).

Entre as que perden peso relativo atópanse algunhas rexións ricas como Cantabria, o País Vasco e Asturias, pero a maioría son rexións pobres como Murcia, Andalucía, Castela-A Mancha, Castela-León e Galicia. É esta última rexión a que máis peso relativo perde en puntos porcentuais (1,06), aínda que non en porcentaxe con respecto ó seu VEB inicial, que é Asturias. É dicir, son as rexións do arco atlántico e mailas dúas Castelas as perdedoras. A razón principal desta diverxencia atópase fundamentalmente, como mostra a gráfica 4, na capacidade para crear emprego, especialmente no sec-

tor industrial e no de servizos. É na cornixa cantábrica onde se creou menos emprego e en Canarias e no arco mediterráneo onde máis se creou, incluíndo neste último tamén a Murcia e a Andalucía.

Gráfica 4.- Taxas medias acumulativas de crecemento emprego total, 1980-1996 (en porcentaxe)



FONTE: Cuadrado e Mancha (1998).

Para estudiaren a converxencia beta en termos de VEB per cápita, os autores citados observan esa converxencia desde os puntos de vista absoluto e condicionado. É dicir, separan, na medición desa converxencia, a análise absoluta de cada rexión e aqueles elementos específicos de cada unha delas que actuaron positiva ou negativamente e que “condicionaron” a súa evolución, ademais do efecto temporal común a todas elas.

A táboa 2 mostra ámbalas dúas converxencias. O modelo 1, de converxencia beta absoluta, mostra que non se deu entre as rexións españolas converxencia real do VEB per cápita entre 1980 e 1995, como suxire o baixísimo coeficiente obtido (0,00894).

O modelo 2, de converxencia condicionada, mostra unha maior converxencia xa que o coeficiente de determinación é algo maior (0,443), pero a distribución é moi heteroxénea, xa que os coeficientes por rexións mostran que, nalgúns casos, existen factores que retardan o proceso de converxencia (negativos) e noutros impúlsanos (positivos).

As rexións que teñen coeficientes de condicionamento negativo son Andalucía, Asturias, as dúas Castelas, Estremadura, Galicia e Murcia. A que ten un coeficiente máis negativo é Estremadura, seguida de Andalucía e de Galicia.

Os factores negativos nestes tres casos son un reflexo do excesivo peso que ten o sector primario agrícola nas tres economías que, no caso de Galicia, representa aínda, no ano 1995, o 24% do emprego total galego e só un 9% do PIB total, isto é, que a produtividade da agricultura galega é moi baixa e representa a metade da produtividade dos servizos e menos da metade da industria.

Táboa 2.- Convergencia β rexional en VEB por habitante, 1980-1995

VARIABLES EXPLICATIVAS	MODELO 1		MODELO 2	
	COEFICIENTE	ESTADÍSTICO T	COEFICIENTE	ESTADÍSTICO T
Parámetro β	0,0011	0,1422	0,2723	6,7430
Andalucía			-0,0787	-6,3562
Aragón			0,0306	4,5119
Asturias			-0,0219	-3,5857
Baleares			0,0640	5,6984
Canarias			-0,0089	-1,4171
Cantabria			0,0002	0,0410
Castela-León			-0,0262	-3,8979
Castela-A Mancha			-0,0424	-5,0593
Cataluña			0,0500	5,5295
Com. Valenciana			0,0019	0,3202
Extremadura			-0,1093	-6,0295
Galicia			-0,0631	-6,2193
Madrid			0,0489	5,5205
Murcia			-0,0244	-3,4334
Navarra			0,0565	5,6615
País Vasco			0,0656	5,8441
A Rioxa			0,0884	6,5636
Coefficiente de determinación	0,00894		0,44371	
Erro estándar	0,02429		0,02249	
Número observacións	255		255	
Excluíronse Ceuta e Melilla.				
Modelo 1: beta absoluta; modelo 2: beta condicionada (modelo de efectos fixos).				

FONTE: Cuadrado (1999).

A táboa 3 amosa a evolución do VEB per cápita das rexións españolas entre 1980 e 1995 e nela pódese comprobar como Galicia ten unha taxa de crecemento anual do 1,39%, inferior á media española que se sitúa no 2,1%. De aí que caera desde o 87,28% respecto da media nacional, no 1980, ó 78,6% no 1995.

Alcaide (1999) fixo unha comparanza da evolución do VEB per cápita entre 1986 e 1998 co propósito de observar qué ocorreu coa converxencia desde que España entrou na Unión Europea, tomando como base non os datos da contabilidade rexional nin os da Fundación BBV, senón os da Fundación das Caixas de Aforros (Funcas), que son máis cualitativos e que se basean en indicadores conxunturais e na colaboración das consellerías económicas de cada comunidade.

Na gráfica 5b preséntanse os resultados. Galicia segue mostrando un crecemento anual do VEB per cápita por baixo da media nacional, xa que é do 3,1% fronte ó 3,5% desa media, o que a sitúa nese período nun nivel do 80% da media nacional, por detrás de Cantabria, Castela-León e Murcia, e por diante de Castela-A Mancha, Andalucía e Extremadura. As demais rexións ou están no nivel medio ou por riba del.

A gráfica 5a, que se refire ó período 1955-1959, serve para comparar se houbo converxencia desde aquela. Pódese observar que no caso de Galicia si que a houbo, xa que daquela se atopaba no 65% do nivel medio nacional e agora anda no 80%, e porque daquela a súa taxa anual media de crecemento do VEB per cápita estaba en 0,87


puntos porcentuais por baixo da media nacional e agora, neste último período, reduciu a inflación á metade (0,4%), o que é un bo sinal. Claro está que o primeiro período elixido é pouco representativo para a comparanza dado que naquela época España vivía en plena autarquía e agora está integrada en Europa e aberta ó mundo.

Táboa 3.- Variación no VEB per cápita por CC.AA., 1980-1995 (España=100)

CC.AA.	1980 A	1995 B	TAXA MEDIA DE CRECIMENTO ANUAL 1980-1995	VARIACIÓN SOBRE TAXA MEDIA ESPAÑOLA
Andalucía	79,86	74,13	1,60	-0,50
Aragón	102,29	113,42	2,81	0,71
Asturias	102,58	89,52	1,18	-0,92
Baleares	124,63	123,13	2,02	-0,08
Canarias	84,71	94,91	2,88	0,78
Cantabria	103,26	100,59	1,92	-0,18
Castela-León	94,30	89,80	1,77	-0,33
Castela-A Mancha	86,51	84,43	1,94	-0,16
Cataluña	117,55	123,48	2,44	0,34
Com. Valenciana	107,77	99,96	2,05	-0,05
Estremadura	60,81	67,03	2,77	0,67
Galicia	87,28	78,60	1,39	-0,71
Madrid	112,70	119,25	2,49	0,39
Murcia	98,20	89,81	1,50	-0,60
Navarra	118,92	122,12	2,28	0,18
País Vasco	128,08	129,66	2,19	0,09
A Rioxa	131,73	145,13	2,76	0,66
Ceuta e Melilla	66,72	81,90	3,51	1,41
España	100,00	100,00	2,10	0,00

FONTE: Cuadrado e Mancha (1998).

Gráficas 5a e 5b.- Evolución do desenvolvemento nas comunidades autónomas



FONTE: Funcas.

En todo caso, os tres estudos presentados, utilizando series estatísticas diferentes do VEB per cápita, mostran un mesmo patrón de evolución que, polo que respecta a Galicia, se pode resumir en que converxeu rapidamente desde o 1955 ata o 1980, pasando do 65% da media nacional ata o 87%, para, posteriormente, ir diverxendo ata se situar no 78,6% no 1995. A partir deste ano, volveu converxer pasando no 1998 ó 80% dese nivel medio.

Finalmente, a Fundación BBV (decembro do 1999) acaba de publica-los resultados de converxencia rexional para o período 1985-1998 en termos de PIB por habitante e estes son máis positivos para Galicia cós de Funcas e moito máis aínda cós da *Contabilidad Regional Española* do INE. Galicia pasou dun nivel do 81,26% do nivel medio nacional, no 1985, a outro do 84,4% no 1998, isto é, que gañou 3,14 puntos porcentuais nos últimos 13 anos. Acadou unha converxencia menor que Castela-León (4,68 puntos) e que Estremadura (10,85 puntos), pero maior que Castela-A Mancha (3,08 puntos), Andalucía (-0,05), Murcia (-3,3 puntos), Asturias (-10,47 puntos) e Cantabria (-6,95 puntos).

Dentro de Galicia, Pontevedra é a provincia que tivo un crecemento maior e Ourense un menor, situándose A Coruña e Lugo entrámbalas dúas. Isto demostra que as dúas provincias galegas máis pobres (Lugo e Ourense) non converxen tampouco coas dúas máis ricas (Pontevedra e A Coruña).

De tódalas maneiras non é fácil reconcilia-la diferenza entre as estimacións de Funcas e as da Fundación BBV para o 1998, xa que difiren en máis de catro puntos porcentuais de converxencia para Galicia. Cómpre lembrar que as diferenzas entre o VEB ó custo dos factores e o PIB a prezos de mercado son exclusivamente os impostos netos sobre a importación e o imposto sobre o valor engadido, o que non xustifica esa diferenza.

En todo caso, as series máis fiables, aínda que saen con moito atraso, son as da *Contabilidad Nacional* do INE, sobre as que se deben, en última instancia, basea-las medidas definitivas de converxencia.

En resumo, as últimas estatísticas, tanto se son de VEB como de PIB, sexan de Funcas ou da Fundación BBV, permiten ter un certo optimismo sobre a converxencia real de Galicia de cara ós comezos do próximo século, xa que mostran unha certa recuperación. Máis aínda, as últimas estatísticas do BBV evidencian que a converxencia en termos de PIB entre 1997 e 1998 foi de 0,61 puntos porcentuais, o que significa que se está acelerando nestes últimos anos. Os indicadores trimestrais que manexamos no Instituto de Estudos Económicos de Galicia Pedro Barrié da Maza, na nosa publicación trimestral *Síntesis Económica de Galicia*, e entre eles o Índice Sintético da Actividade de Galicia mostra que no 1999 tamén haberá converxencia de renda, xa que a economía galega vai medrar unhas décimas máis cá nacional ó tempo que perde po-boación.


2.2. CONVERXENCIA REAL CON EUROPA

O último informe das rexións da Comisión Europea (1999) mostra a converxencia entre as 25 rexións máis pobres e as 25 máis ricas e entre as 10 máis pobres e as 10 máis ricas para o período 1986 e 1996.

O PIB per cápita das 10 máis pobres converxeu desde o 41% da media da Unión Europea, no 1986, ó 50% no 1996, é dicir, 9 puntos en 11 anos, que é un bo ritmo, e o das 25 máis pobres pasou do 52%, no 1986, ó 59% no 1996, 7 puntos porcentuais en 11 anos. Polo tanto, existe converxencia beta, cando menos entre as máis pobres e as máis ricas.

Sen embargo, a converxencia sigma rexional de PIB per cápita da Unión Europea, en termos de poder adquisitivo, foi practicamente nula nese período, xa que as disparidades de renda se mantiveron constantes ata 1990, logo aumentaron coa reunificación alemana e, posteriormente, foron mingando paseniñamente ata volver ó 27% de desviación típica respecto da media, como sinala a gráfica 6.

Gráfica 6.- Disparidades entre os PIB per cápita, 1986-1996



FONTE: Comisión Europea (1999).

Isto quere dicir que as rexións máis pobres están converxendo coa media, pero que as rexións máis ricas se están separando con respecto a esa media. As 10 rexións máis ricas pasaron do 153% da media ó 158%, e as 25 rexións máis ricas pasaron do 138% ó 143%. Isto significa que houbo menos converxencia no centro ca nos extremos da clasificación, xa que as disparidades permanecen estancadas. Galicia mellorou a súa converxencia no período, pasando dun 55% da media europea, no 1986, a un 63% no 1996, cunha ganancia de 8 puntos porcentuais. Iso permitiulle pasar de se-la 18 rexión menos pobre á 25, é dicir, estar no límite das rexións menos pobres. De seguir así, nun ou dous anos podería estar fóra dese grupo no que están Estremadura (no posto 9) e Andalucía (no posto 11). Cómpre resaltar que a rexión norte de Portugal segue estando, cun 62% desa media, por baixo de Galicia, pero experimentou unha maior converxencia real, 11 puntos porcentuais, no período sinalado (táboa 4).

As estimacións da Fundación BBV para Galicia no ano 1998 (táboa 5) presentan unhas cifras máis optimistas. Para o 1985 xa daban un 57,37% con respecto á media, en lugar do 55% que dá a Comisión Europea para o 1986, e para 1998 alcanzan un 68,74%, o que suporía unha converxencia de 11,37 puntos porcentuais no período 1985-1998, isto é, de 5,7 puntos superior á cifra da Comisión no ano 1996.

Táboa 4.- PIB per cápita das rexións máis ricas e máis pobres da Unión, 1986 e 1996 (PIB per cápita en UPA, EUR15=10)

1986			1996		
REXIÓN	PIB	Nº DE ORDE	REXIÓN	PIB	Nº DE ORDE
Hamburg (D)	185	1	Hamburg (D)	192	1
Rég. Bruxelles-Cap. / Brussel Hfdst. Gew. (B)	163	2	Rég. Bruxelles-Cap. / Brussel Hfdst. Gew. (B)	173	2
Île de France (F)	162	3	Darmstadt (D)	171	3
Darmstadt (D)	152	4	Luxembourg (Grand-Duché) (L)	169	4
Wien (A)	148	5	Wien (A)	167	5
Greater London (UK)	148	6	Île de France (F)	160	6
Bremen (D)	144	7	Oberbayer (D)	156	7
Stuttgart (D)	143	8	Bremer (D)	149	8
Oberbayern (D)	141	9	Greater London (UK)	140	9
Luxembourg (Grand-Duché) (L)	137	10	Antwerpen (B)	137	10
<i>10 superiores</i>	<i>153</i>		<i>10 superiores</i>	<i>158</i>	
Stockholm (S)	133	11	Stuttgart (D)	133	11
Ahvenanmaa/Aland (FIN)	132	12	Groningen (NL)	134	12
Lombardia (I)	132	13	Emilia-Romagna (I)	133	12
Uusimaa (FIN)	129	14	Lombardia (I)	132	13
Valle d'Aosta (I)	129	15	Valle d'Aosta (I)	131	14
Berlin (D)	128	16	Uusimaa (FIN)	129	15
Emilia-Romagna (I)	125	17	Trentino-Alto Adoge (I)	128	16
Mittelfranken (D)	124	18	Grampian (UK)	126	17
Antwerpen (B)	124	19	Friuli-Venezia Giulia (I)	126	18
Karlsruhe (D)	123	20	Karlsruhe (D)	126	19
Düsseldorf (D)	122	21	Veneto (I)	124	21
Grampian (UK)	122	22	Berkshire-Buchinghamshire. Oxfordshire (UK)	124	22
Noord-Holland (NL)	117	23	Mittelfranken (D)	123	23
Köln (D)	117	24	Stockholm (S)	123	24
Piemonte (I)	117	25	Salzburg (A)	121	25
<i>25 superiores</i>	<i>138</i>		<i>25 superiores</i>	<i>143</i>	
Guyane (F)	37	1	Guadeloupe (F)	40	1
Guadeloupe (F)	37	2	Ipeiros (EL)	44	2
Alentejo (P)	37	3	Réunion (F)	46	3
Açores (P)	40	4	Guyane (F)	48	4
Madeira (P)	40	5	Açores (P)	50	5
Réunion (F)	40	6	Voreio Aigaio (EL)	52	6
Centro (P)	42	7	Martinique (F)	54	7
Voreio Aigaio (EL)	44	8	Madeira (P)	54	8
Extremadura (E)	44	9	Extremadura (E)	55	9
Algarve (P)	44	10	Dessau (D)	55	10
<i>10 inferiores</i>	<i>41</i>		<i>10 inferiores</i>	<i>50</i>	
Ipeiros (EL)	47	11	Andalucía (E)	57	11
Martinique (F)	49	12	Dytiki Ellada (EL)	58	12
Dytiki Ellada (EL)	49	13	Magdeburg (D)	58	13
Norte (P)	51	14	Peloponnisos (EL)	58	14
Ionía Nisia (EL)	52	15	Calabria (I)	59	15
Andalucía (E)	53	16	Alentejo (P)	60	16
Castilla-La Mancha (E)	54	17	Centro (P)	61	17
Galicia (E)	55	18	Anatoliki Makedonia, Thraki (EL)	61	18
Thessalia (EL)	55	19	Thüringen (D)	61	19
Anatoliki Makedonia, Thraki (EL)	56	20	Mecklenburg-Vorpommern (D)	61	20
Kriti (EL)	57	21	Dytiki Makedonia (EL)	62	21
Dytiki Makedonia (EL)	58	22	Ionía Nisia (EL)	62	22
Kentriki Makedonia (EL)	58	23	Norte (P)	62	23
Calabria (I)	59	24	Thessalia (EL)	63	24
Peloponnisos (EL)	61	25	Galicia (E)	63	25

FONTE: Comisión Europea (1999).

Táboa 5.- Evolución do PIB por habitante (en % sobre a media española e da UE)

INDICE		1985	1997	1998
Balears	España = 100	156,68	157,85	154,48
	Eur / 15 = 100	110,62	126,36	125,82
Madrid	España = 100	129,44	127,49	126,52
	Eur / 15 = 100	91,38	102,06	103,05
Cataluña	España = 100	124,21	124,43	123,64
	Eur / 15 = 100	87,69	99,61	100,70
Navarra	España = 100	115,34	117,81	117,16
	Eur / 15 = 100	81,43	94,31	95,43
País Vasco	España = 100	113,36	113,72	114,62
	Eur / 15 = 100	80,03	91,03	93,36
A Rioxa	España = 100	110,96	111,32	112,29
	Eur / 15 = 100	78,34	89,11	91,46
Aragón	España = 100	106,03	107,79	108,86
	Eur / 15 = 100	74,86	86,29	88,67
Com. Valenciana	España = 100	102,67	199,53	99,75
	Eur / 15 = 100	72,49	79,67	81,25
Canarias	España = 100	94,94	97,31	97,52
	Eur / 15 = 100	67,03	77,90	79,43
Cantabria	España = 100	99,90	92,29	92,95
	Eur / 15 = 100	70,53	73,88	75,71
Castela-León	España = 100	86,99	90,57	91,67
	Eur / 15 = 100	61,41	72,50	74,67
Asturias	España = 100	95,58	85,93	85,38
	Eur / 15 = 100	67,48	68,79	69,54
Galicia	España = 100	81,26	83,79	84,40
	Eur / 15 = 100	57,37	67,07	68,74
Castela-A Mancha	España = 100	76,92	80,11	79,98
	Eur / 15 = 100	54,31	64,13	65,14
Murcia	España = 100	83,26	80,98	79,96
	Eur / 15 = 100	58,78	64,82	65,13
Ceuta	España = 100	78,74	80,23	76,61
	Eur / 15 = 100	55,59	64,22	62,40
Extremadura	España = 100	62,41	73,42	73,26
	Eur / 15 = 100	44,06	58,77	59,67
Andalucía	España = 100	72,33	72,37	72,26
	Eur / 15 = 100	51,06	57,93	58,86
Melilla	España = 100	80,77	71,73	71,34
	Eur / 15 = 100	57,02	57,42	58,11
Índice de España	España = 100	70,80	80,05	81,45
	Eur / 15 = 100			

FONTE: Fundación BBV.

É probable que estas estimacións estean inclinadas á alza pero mostran, en todo caso, que Galicia está converxendo dentro de Europa, a pesar de ser periférica, e que esa converxencia se está a acelerar nestes últimos anos.

2.3. ¿COMO CONSOLIDA-LA RECUPERACIÓN DA CONVERXENCIA REAL DE GALICIA?

O primeiro que cómpre pór de relevo é que o Estado español intentará mellora-la converxencia das rexións españolas máis pobres con tódalas medidas que poida, tanto as derivadas da redistribución persoal como da redistribución territorial, sempre que non poñan en perigo a converxencia nacional con Europa. De aí que, quitando as

transferencias persoais, que son dereitos dos cidadáns alí onde estean situados, o maior efecto redistributivo ten que provir fundamentalmente dos fondos estruturais e de cohesión comunitarios e da capacidade do goberno da Xunta e dos empresarios galegos de atraer capital do resto de España, de Europa e doutros países da OCDE. Na táboa 6 é interesante observar, por exemplo, que os saldos fiscais de Galicia co resto do Estado español no 1995 eran negativos en 51.140 millóns de pesetas (o que equivalía a 18.755 pesetas por habitante) xa que Galicia pagaba tributos por 377.289 millóns e recibía transferencias por 326.149 millóns de pesetas, das que 344.664 millóns eran transferencias sociais (educación, sanitarias, paro, etc.) e pensións, 5.088 millóns eran financiamento territorial (investimento público, financiamento autonómico e servicios cedidos ou concertados), e as transferencias estatais agrícolas e empresariais eran negativas en 23.603 millóns de pesetas (De la Fuente 1999). Sen dúbida ningunha, a situación mellorou de maneira notable nestes últimos anos, pero pouco pode contribuí-lo Estado español na axuda á converxencia, a menos que sexa mediante transferencias sociais persoais en cumprimento de dereitos constitucionais.

Táboa 6.- Saldos fiscais relativos 1995, totais (en millóns de pesetas)

	SALDO TOTAL	TRIBUTOS	GASTO	PERSOAL	REX. ECON.	TERRIT.
País Vasco	26.401	-304.673	331.074	-224.612	-13.149	264.162
Castela-León	376.517	209.650	166.867	227.513	40.417	108.587
Castela-A Mancha	341.593	275.304	66.289	225.563	34.249	81.780
Aragón	60.409	-46.027	106.436	-24.678	20.041	65.046
Navarra	-17.923	-64.742	46.819	-64.800	2.747	44.130
Extremadura	285.518	248.845	36.673	230.317	25.686	29.515
Asturias	258.437	50.482	207.955	186.174	60.585	11.678
Cantabria	4.400	-10.258	14.657	1.007	-4.058	7.452
Galicia	326.149	377.289	-51.140	344.664	-23.603	5.088
Ceuta e Melilla	7.690	15.705	-8.016	4.606	-569	3.653
Canarias	9.210	113.465	-104.256	10.213	-4.033	3.030
A Ríoxa	2.002	910	1.092	923	451	628
Baleares	-93.261	-63.842	-29.419	-72.420	-5.375	-15.466
Murcia	95.728	152.215	-56.487	121.398	-1.644	-24.026
Madrid	-1.690.089	-1.574.341	-115.748	-1.598.222	-60.590	-31.277
Com. Valenciana	-79.698	189.941	-269.639	101.533	-36.217	-145.014
Andalucía	1.031.429	1.294.432	-263.003	1.207.848	16.812	-193.230
Cataluña	-944.512	-864.356	-80.156	-677.026	-51.750	-215.735

FONTE: De la Fuente (1999).

Ademais, hai que contar con que os fondos estruturais e mailos de cohesión van diminuír con certa rapidez conforme o proceso de ampliación da UE comece a cumprirse nos próximos anos. Os países que teñen as contribucións netas máis importantes ó orzamento comunitario non están dispostos a que eses fondos aumenten e si a que se repartan máis equitativamente coa entrada de novos países membros.

Iso deixa, basicamente, en mans dos galegos, gobernos e empresas todo o esforzo futuro investidor en infraestructuras e capital humano.

O segundo aspecto que cómpre ter en conta é o problema da baixísima taxa de fecundidade de Galicia que –aínda que a curto e medio prazos pode mellora-la converxencia real xa que se se mantén o numerador, PIB ou VEB, e se reduce cada ano o

denominador, poboación, por definición aumenta o resultado per cápita— a longo prazo suscita un problema de crecemento moi grave, xa que unha poboación progresivamente avellentada, cunha vitalidade, innovación e emprendemento decrecentes, provocará unha paulatina caída do PIB e un estancamento, cando non recesión. Isto débese a que o número de persoas en idade de traballar diminúe e as persoas empregadas tenden a perder produtividade conforme se van facendo maiores, aínda que sempre haxa excepcións, nalgúns casos moi relevantes.

Este é un aspecto de grande importancia dado que a única forma de conseguir converxer en renda per cápita é por aumentos da produtividade das persoas que xa están empregadas, por aumentos do número de persoas que están empregadas ou por aumentos do capital e da tecnoloxía que utilizan. É dicir, mediante o aumento da produtividade individual ou mediante a acumulación de factores de produción: man de obra, capital físico e tecnoloxía.

O aumento da produtividade por persoa empregada conséguese, á súa vez, dotando a eses traballadores de maior capital humano, físico e tecnolóxico.

O capital humano mellórase a través da educación, da formación e dos incentivos. Para iso Galicia tería que incrementar notablemente os investimentos en educación e formación. Un dos retos máis importantes do actual proceso de globalización e de desenvolvemento das tecnoloxías da información e comunicación é que os traballadores máis cualificados e que coñecen a utilización das novas tecnoloxías incrementan fortemente a súa produtividade e, polo tanto, os seus salarios, mentres que os traballadores menos cualificados ou ben teñen que circunscribirse a tarefas sinxelas, repetitivas e pouco remuneradas, ou ben perden o seu posto de traballo fronte á competencia crecente (a través dun comercio de bens e servizos máis liberalizado) dos traballadores dos países emerxentes coa mesma cualificación, con máis produtividade por posto de traballo, porque traballan máis horas, e con menores salarios. Prodúcese, polo tanto, unha brecha crecente salarial (Estados Unidos, Reino Unido) ou un maior paro dos traballadores pouco cualificados (Europa continental), todo depende do grao de rixidez dos mercados laborais (De la Dehesa 1999b).

Os capitais físico e financeiro tamén son moi importantes. A dotación de maquinaria e bens de equipo máis sofisticados e o desenvolvemento das infraestruturas de transporte, comunicación e servizos estimulan a produtividade, aumentan a eficacia, baixan os custos e melloran a competitividade.

As infraestruturas teñen, ademais, un impacto directo sobre a creación de emprego e un indirecto sobre o investimento privado ó que estimulan ó reduci-los seus custos e aumentar, consecuentemente, a súa taxa de retorno ou rendemento.

Un capital financeiro abundante permite un menor custo do capital e, polo tanto, un maior rendemento do investimento. A mellora dos sistemas de capital risco son esenciais para financia-los novos proxectos de empresarios innovadores que non teñen acceso ó crédito bancario tradicional ou ás emisións de capital en bolsa.

O capital tecnolóxico é unha consecuencia de mellora-los dous anteriores, xa que fai aumenta-la produtividade total dos factores ó mellorar aquela parte do crecemento que non está xustificada polos aumentos de capital e de traballo, isto é, que se debe

ó “residuo de Solow” ou “progreso técnico”.

Outra forma de mellora-la produtividade que, no caso de Galicia, é fundamental a curto e medio prazos é mediante o cambio na estrutura productiva. Hoxe en Galicia o 18% do total da poboación ocupada traballa no sector primario (agricultura e pesca), pero só produce o 9% do PIB galego. É dicir, ten unha produtividade de 0,50. A construción emprega o 11% do total e produce o 10%, cunha produtividade de 0,91. A industria emprega o 17% e produce o 21%, cunha produtividade de 1,23 e, finalmente, os servicios empregan o 54% e producen o 60%, cunha produtividade de 1,1. Cantos menos galegos estean empregados na agricultura e máis na industria e nos servicios, a produtividade total por empregado aumentará de forma notable e, polo tanto, os salarios e a renda per cápita, co que aumentará tamén a converxencia. Dado que a produtividade na industria e nos servicios é máis do dobre ca na agricultura, a curto e medio prazos a forma máis rápida que ten Galicia para converxer é reduci-lo seu emprego no sector primario e colocalo nos sectores secundario e terciario. Os procesos de urbanización da poboación, que son cada vez máis importantes en Galicia, están axudando a este proceso. Pero tamén é moi importante mellora-lo nivel de formación dos que estean empregados no sector agrícola para que poidan atopar emprego na industria e nos servicios. En España só o 8% do emprego é agrícola e en Europa o 4%, cunha produtividade moito maior. No caso do conxunto nacional a produtividade no sector primario é de 0,65%, é dicir, un 30% maior ca en Galicia, e no europeo é de 0,80% (un 60% maior). Esta baixa produtividade galega débese máis ó minifundismo que á falta de equipamento.

Isto non significa que o campo se abandone. En absoluto. Na maior parte de Europa moitas da persoas que traballan nas cidades coidan das súas pequenas explotacións agrícolas durante a fin de semana. Este sería un desenvolvemento lóxico para Galicia, especialmente agora coa mellora das comunicacións e do transporte.

A evolución do emprego no sector agrario galego foi moi interesante nestes últimos anos. Entre 1976 e 1998 o emprego agrario caeu desde 576.000 persoas a 178.000, tres veces menos. Das preto de 400.000 persoas que deixaron de traballar na agricultura, 250.000 atoparon traballo noutros sectores productivos, co que a destrución neta de emprego foi de 150.000. Estas persoas foron á xubilación, ó paro refuxio e tamén á economía somerxida.

Esa redución do emprego agrario galego foi moito máis importante en termos relativos cá do conxunto nacional, pois representou un 23% do total nacional cando o emprego total de Galicia representa só o 7% do conxunto de España. A explicación é dobre; por un lado, pola maior racionalización do sector primario galego, onde o subemprego e a baixa produtividade eran excesivos e, por outro, porque Galicia está especializada na agricultura continental e na pesca, que están sometidas a cotas moi estrictas por parte da Comisión Europea por existir un exceso de produción, e pola dificultade de competir nos produtos da gandería con outros países moito máis eficientes como Francia, Holanda, Dinamarca, etc.

Tanto para conseguir un maior número de persoas que traballen como para transvasar emprego dos sectores menos productivos ós máis productivos, cómpre crear

máis emprego e, polo tanto, crear novas empresas nos sectores industriais e de servizos. Este é o maior reto de Galicia nos próximos anos.

En canto á converxencia real pola vía da acumulación de factores de produción, especialmente traballo, as posibilidades son moi elevadas, xa que a taxa de actividade galega é do 49%, isto é, que menos do 50% das persoas en idade de traballar son activas e buscan traballo, e a taxa de ocupación é do 40%, o que quere dicir que só o 40% das persoas en idade de traballar busca e consegue emprego. En definitiva, o potencial de converxencia real a través de conseguir que traballe un maior número de persoas é enorme, pero verase limitado pola fortísima caída da taxa de fecundidade, que é unha das máis baixas de Europa.

A creación de novas empresas e novo emprego necesita que haxa persoas suficientemente cualificadas para crealas, de aí a importancia de mellora-la educación e a formación, e de que haxa investimento dispoñible para levar adiante a creación. Por iso a importancia do desenvolvemento de instrumentos de capital risco e da atracción de investimento estranxeiro. Ata agora Galicia foi unha economía non moi aberta, por cousa de que as súas exportacións en relación ó seu PIB aínda son lixeiramente menores cá media española, a pesar de ser unha rexión marítima. Só nos dos últimos anos experimentou, ó igual có conxunto da economía española, un forte crecemento das súas importacións e exportacións, que é un bo sinal do maior dinamismo da economía galega. As exportacións xa representan o 5,4% do total nacional e a taxa de cobertura é do 87%.

Nun mundo cada vez máis globalizado, o comercio e o investimento convértense nas dúas grandes potencialidades para aumenta-lo crecemento dos países ou rexións. Pódense aumentar e diversifica-las vendas cun menor risco e cunha maior permanencia e pódense atraer maiores e máis baratos investimentos ó aumenta-lo número e volume de posibles investidores. Ademais, agora, comercio e investimento van estreitamente relacionados, non son xa substitutivos senón complementarios. O investimento de Citroën en Galicia representa o 35% da exportación de Galicia e un 28% da importación. Se se conseguise atraer outras multinacionais poderíase aumenta-lo comercio intraindustrial de forma importante e diversificar en maior medida a oferta de exportación, que está moi concentrada no automóbil (40% do total), nos produtos da pesca (14%) e nos produtos téxtiles e da confección (8%). Entre os tres representan o 62% da exportación total e se a eles se lles engaden as pedras ornamentais, a construción naval e a madeira alcánzase o 75%.

Sen embargo, Galicia non está sendo capaz de atraer investimento estranxeiro, que se segue concentrando en Madrid e Cataluña, xa que non consegue supera-lo 0,5% do total, cando a economía galega representa o 5% do total nacional. Tampouco é importante o investimento galego no exterior, que non supera o 0,8% do total nacional.

Este é un dos retos fundamentais para a converxencia real de Galicia nas próximas décadas. A capacidade de incrementa-lo comercio e o investimento exteriores van determinar qué rexións serán as gañadoras ou as perdedoras no crecente proceso de globalización, pois será un signo inequívoco de que se é competitivo no novo escenario e de que, polo tanto, se pode crear máis emprego e se pode incrementa-lo desenvolvemento.

mento tecnolóxico e a produtividade, que son as dúas bases fundamentais da converxencia.

Agora ben, para poder conseguir crecemento en ámbalas dúas magnitudes exteriores cómpre ter unha man de obra ben formada e unha clase empresarial nova e innovadora, de aí a importancia do capital humano onde aínda queda moito por facer nos vindeiros anos.

Todo isto pasa por conseguir un esforzo coordinado público e privado para investir masivamente en educación, formación e I+D. O exemplo que hai que seguir é o de Irlanda: un país periférico e pequeno que, gracias a ese esforzo no desenvolvemento de capital humano, a un tratamento fiscal xeneroso para o investimento estranxeiro, a unha moderación salarial, a unha alta mobilidade da man de obra e a falar inglés, conseguiu atraer un elevado número de multinacionais americanas, xaponesas e europeas que utilizaron Irlanda como unha plataforma da súa actividade productiva e comercial en Europa. Isto permitiulle medrar durante os últimos oito anos a taxas que están preto do 7% con aumentos anuais da produtividade do 4% (De la Dehesa, 1999).

A súa converxencia real foi espectacular. No ano 1986 tiña unha renda per cápita inferior á española e hoxe supera a media europea, con 36 puntos porcentuais por riba de España, 18 puntos por riba do Reino Unido e 16 puntos por riba de Italia en relación a esa media.

Non é fácil copiar a Irlanda, entre outras cousas porque non é posible que Galicia desenvolva un sistema fiscal tan atractivo como o de Irlanda, que é un país independente e que, ademais, conseguiu que temporalmente a Comisión Europea llo aceptase, e porque levará bastante tempo conseguir que a maioría dos galegos falen inglés, que é a lingua do mundo económico globalizado. Pero, iso si, mellora-lo capital humano galego aínda está en mans das autoridades e empresas de Galicia. Sería unha pena non apostar valentemente por iso, adxudicando unha parte importante dos recursos, sempre escasos, a ese fin.

BIBLIOGRAFÍA

- ALCAIDE, C. (1999): “Convergencia de las Comunidades Autónomas”, *El País*, (25-07-99).
- BARRO, R.; SALA I MARTÍN, X. (1995): *Economic Growth*. Cambridge, MA: The MIT Press.
- CUADRADO, J.R. (1999): “Convergencia regional. Estancamiento interno pero aproximación a Europa”, en L. Gámir [dir.]: *La convergencia regional de la economía española*. Price Waterhouse Coopers.
- CUADRADO, J.R.; MANCHA, T.; GARRIDO, R. (1998): *Convergencia regional en España*. Fundación Argentaria / Visor.
- DEHESA, G. DE LA (1998 a): “Convergencia real y movilidad de los factores de producción”, en: *El reto de la Unión Económica y Monetaria*. Instituto de Estudios Económicos de Galicia / Fundación Pedro Barrié da Maza.
- DEHESA, G. DE LA (1998 b): “La Unión Económica y Monetaria y las regiones”, en: *El reto de la Unión Económica y Monetaria*. Instituto de Estudios Económicos de Galicia / Fundación Pedro Barrié da Maza.
- DEHESA, G. DE LA (1999a): *El desafío de la convergencia real*. (Libro Marrón del Círculo de Empresarios).

- DEHESA, G. DE LA (1999b): “La globalización y los mercados laborales”, *Revista del Instituto de Estudios Económicos*, núm. 1.
- DEHESA, G. DE LA (1999c): “El mercado de trabajo en España”, *Revista del Instituto de Estudios Económicos*, núm. 2.
- FUENTE, A. DE LA (1999): *Los saldos fiscales en las regiones españolas*. (Mimeo). Círculo de Empresarios.
- GARCÍA GRECIANO, B.; RAYMOND, J.L. (1999): “Las disparidades regionales y la hipótesis de convergencia: una revisión”, *Papeles de Economía Española*, núm. 80.